



FIC

XOVES 9 DE 16.30 A 18.00

VENRES 10 DE 16.30 A 18.30

CIDADE DAS TIC

XUNTANZAS ASOCIACIÓNS SECTOR AUDIOVISUAL

CON

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL
(AGA)

ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUTORAS
INDEPENDENTES (AGAP)

ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES
DE GALICIA (AAAG)

ASOCIACIÓN SINDICAL GALEGA DE
GUIONISTAS (AGAG)

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS
DA REALIZACIÓN E DIRECCIÓN (AGAP)

CLUSTER AUDIOVISUAL GALEGO
(AAAG)

COORDINADORA GALEGA DE FESTIVAIS
DE CINEMA (PROXECTA)

Representantes de 7 asociacións galegas do sector audiovisual reúnen-se nesta mesa para debater, analizar desafíos comúns e presentar propostas ante os retos aos que se enfrenta o sector audiovisual na actualidade.

Academia Galega do Audiovisual (AGA): asociación que nace co propósito de converterse nun espazo común onde desenvolver, identificar e promover as necesidades de todos os profesionais que converxen no panorama audiovisual galego en todas as súas vertentes: académica, creativa, industrial, técnica, artística, cultural e científica, promovendo o seu recoñecemento social e profesional e auspiciando a participación de todos eles no seu seo.

Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI): asociación empresarial que agrupa produtoras de cine, televisión, publicidade e servizos e leva contribuíndo activamente á consolidación e desenvolvemento da industria de Galicia dende o ano 1994.

Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG): entidade sen ánimo de lucro que agrupa os actores e as actrices de Galicia, así como os directores e directoras teatrais. Traballa na defensa e reivindicación dos intereses dos seus asociados e pola mellora da súa situación laboral.

Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG): asociación profesional sen ánimo de lucro, fundada en 1997, co obxectivo de defender os intereses dos guionistas do sector audiovisual en Galicia. Desde 2016 está constituída como unha asociación sindical.

Asociación Galega de Profesionais da Realización e Dirección (CREA): fundada no ano 2002, é unha asociación profesional sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo a defensa dos intereses dos directores/as e realizadores/as do sector audiovisual en Galicia e que aposta pola defensa da creatividade como elemento fundamental do sector audiovisual.

Cluster Audiovisual Galego: formado por unhas 50 compañías que participan activamente no sector da produción audiovisual galega. A súa misión é seguir desenvolvendo proxectos empresariais de vangarda para facer de Galicia un referente estatal (e por que non, internacional) na industria audiovisual.

Coordinadora Galega de Festivais de Cinema (Proxecta): asociación sen ánimo de lucro que aposta pola defensa e posta en valor dos festivais e mostras de cinema e audiovisual de Galicia, así como pola promoción dos contidos e valores artísticos e culturais que estes impulsan.